

www.sosracismogalicia.org



INFORME ANUAL

20
22

RACISMO E XENOFOBIA NA CORUÑA

Elabora

SOS Racismo Galicia _ Oficina da Coruña

Financia

Concello da Coruña

Publicación

2023, A Coruña

Ano **2022**, varios eventos marcan historicamente este ano, por unha banda temos o inicio da guerra en Ucraína no mes de febreiro deste ano que xera unha alerta mundial. Pola outra banda, no mes de xuño, mentres que na Coruña aínda a xente recuperábase do festivo polo San Xoán, acontece unha traxedia no sur do país, especificamente en Melilla (punto fronterizo entre Marrocos e España). Ambas son traxedias por diferentes razóns, pero a forma como foi percibido pola poboación e manexado pola prensa nacional e internacional foi moi distinta. Mentres centos de persoas lanzáronse ás fronteiras de Ucraína para traer mulleres e nenos, demostrando que as fronteiras europeas se abren para quen importa. No caso de Melilla e as mortes acontecidas no valo, a historia é completamente diferente, porque hai que ser sinceras, non hai xustiza nin fronteiras abertas para quen queira entrar á Europa Fortaleza, máis se as vítimas proveñen de países de África. Dende SOS Racismo Galicia na Coruña participamos das accións condenando o acontecido. Por iso neste novo informe non queremos pasar por alto o acontecido no valo de Melilla, porque a dor síntese na poboación que se identifica con esa migración que é reprimida con toda a violencia posible. Así empe-

zamos preguntámonos novamente ¿As vidas negras importan?

Por iso é fundamental entender como o racismo estrutural e as súas diferentes manifestacións están alienadas coa necropolítica migratoria e o supremacismo branco. Ironicamente, este ano en España entrou en vigor a **Lei 15/2022**, de 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación.

Un terceiro acontecemento importante que non queremos pasar por alto, foi a recollida de sinaturas para unha regulación extraordinaria de 500 000 migrantes a partir dunha ILP (Iniciativa Lexislativa Popular). Esta iniciativa foi xestionada dende colectividade antirracistas, entidades que loitan polos dereitos das persoas migrantes e diversas individualidades. Onde era fundamental que as persoas privilexiadas cun **DNI español** podan asinar a mesma, alí puidemos ser testemuñas da existencia, ou non, dun compromiso social da xente que vive nesta cidade en apoio ás persoas migrantes en situación irregular. Habilitando a nosa oficina como un dos puntos fixos de recollida de sinaturas, tamén aproveitamos cada participación pública ou formación para falar ao respecto ao longo desta xestión.

Pola outra banda, non podemos esquecer as **III Xornadas Antirracistas** que celebráronse na cidade da Coruña os días 25 e 26 de no-

vembro en diferentes espazos da cidade que abriron a súas portas a unha diversidade de persoas racializadas que viñan dende varios puntos de Galiza como de España, para que a través das súas intervencións e o seu arte puideran acercar ao público á loita antirracista. Xerando reflexións e debates moi necesarios.

Así e despois deste percorrido por algúns momentos significativos deste 2022 e volvendo ao presente **Informe anual sobre o Racismo e Xenofobia na Coruña**, queremos repetir como cada ano que o mesmo é unha ferramenta de divulgación para facer visible, a xeito dunha pequena fotografía, o que acontece a nivel local dos casos que chegan á OID (Oficina de Información e Denuncias) na cidade da Coruña e que implica por detrás un arduo traballo de análise. Neste caso, contabilizamos un total de **123 vulneracións na cidade da Coruña e a súa área metropolitana**.

Definitivamente o ano 2022 será inesquecible por todo o mencionado liñas arriba, por iso convidámosvos a ler con atención os datos das vulneracións rexistradas, a súa análise, o relato dalgúns dos casos máis significativos, as conclusións as que chegamos e o resumo final do que foran as Xornadas Antirracistas 2022 e que describimos no presente informe anual.

As Oficinas de Información e Denuncia

Asociación SOS Racismo Galicia combate as situacións de racismo e xenofobia a través do proxecto de Oficinas de Información e Denuncia (OID), ofrecendo un servizo de atención integral tanto a aquelas persoas afectadas por algunha situación de discriminación por racismo ou xenofobia, como a aquelas testemuñas deste tipo de situacións, mediante unha atención completa e unha asesoría xurídica e social de balde.

Estas vulneracións e denuncias son recollidas polas Oficinas de Información e Denuncias sitas na Coruña e Vigo, e constitúen a primeira fonte para a elaboración do **Informe Anual sobre o Racismo e a Xenofobia en Galicia** que desde SOS Racismo Galicia se elabora cada ano.

Así mesmo, o presente informe constitúe un resumo específico sobre os datos recollidos acontecidos na cidade da Coruña para unha análise máis próxima.

Mediante o mesmo, e sen pretender ofrecer un estudo cuantitativo do número de incidentes dis-

criminatorios producidos durante o ano 2022, xa que, entendemos que a mostra de casos que se relacionan a continuación supoñen un reflexo cualitativo e aproximado da discriminación nas súas diferentes tipoloxías, sendo conscientes de que resulta imposible de cuantificar con precisión. E tamén, como cada ano, deixamos constancia deste feito, de que se trata dunha pequena radiografía do que acontece na cidade da Coruña e que non deben ser tomados como reflexo real pois, só contamos con aqueles casos que son detectados pola entidade non seu traballo diario e non a totalidade de casos que ocorren pois non temos acceso a ditos datos ou acontecementos. Ogallá algún día poidamos coñecer o número exacto de datos que reflicten a maioría das situacións discriminatorias que teñen lugar para ser máis conscientes dos cambios que se deberían implementar para cortalas de raíz.

Este pasado ano, en todo o territorio galego recolléronse un total de **214 vulneracións** de dereitos acontecidas durante o 2022, tendo

acontecido na Coruña e a súa área metropolitana 123 das mesmas.

123 denuncias con nomes e apelidos, situacións vividas por máis dun cento de persoas que viron violentados os seus dereitos polos seus trazos fenotípicos, a súa orixe, relixión ou etnia, o que demostra que aínda resta moito por facer para a eliminación do racismo e a xenofobia a nivel galego e, concretamente, na cidade da Coruña.

Os casos compilados no informe anual transcenden o eido penal e os chamados delitos de odio en sentido estrito, sendo recollidas todas aquelas condutas exercidas con base nun motivo racista ou xenófobo. É prioritario, pois, dar visibilidade tamén a actuacións menos explícitas, que pasan máis desapercibidas e que moitas veces están tan normalizadas que non chegan a percibirse como racismo ou xenofobia, mais que constitúen unha vulneración de dereitos para quen as sofre. A partir deste primeira introdución iremos avaliando o que acontece con cada unha das variables de estudo que usamos na nosa mostra.



1.

DATOS DA CIDADE
DA CORUÑA E ÁREA
METROPOLITANA

P. 01

2.

CONCLUSIÓN

P. 37

Cómpre salientar que esta recollida de vulneracións non significa necesariamente que o racismo e a xenofobia teñan variado na mesma proporción, xa que os casos que chegan a SOS Racismo Galicia son apenas unha pequena parte das existentes na realidade, e non pretenden reflectir as condutas discriminatorias na súa totalidade, pero é certo que con cada ano que pasa notamos un incremento no número de persoas que denuncian tales feitos así como do número de vulneracións xestionadas no ano anterior, tal e como reflexa a seguinte gráfica.

DATOS DA CIDADE DA CORUÑA E ÁREA METROPOLITANA

EVOLUCIÓN VULNERACIONES DIFERENTES AÑOS

Botando unha ollada aos datos, é notable o incremento na recollida de vulneracións que se produce dende a apertura da mesma, e sobre todo, entre os anos 2021-2022 e os anos 2018-2019. Os datos da distribución arriba presentada reflicten unha parte moi importante do traballo que se recoller nas OID e, neste caso, centrándose concretamente nas vulneracións e delitos que se detectan na cidade da Coruña.

Unha lectura máis profunda permite destacar os dous períodos nos que se percibe maior variación na recollida de datos, sendo estes entre os anos 2019 e 2022, feito que se pode argumentar en base ao contexto social no que nos atopamos e o coñecementos sobre os servizos de que dispoñemos na entidade.

O inicio do proxecto da oficina de información e denuncias, o cal comeza no ano 2018, supón unha proba piloto para argumentar e demostrar á administración e á sociedade en xeral a necesidade dun servizo con esas características xa que naquela altura era o único existente na cidade herculina. Eses 76 casos recollidos no 2018 e ese incremento ata os 97 no 2019 dan conta da necesidade dunha oficina especializada en delitos de odio.


Se nos fixamos nas cifras que reflicten os dous anos seguintes atopamos unha tónica ben diferenciada.

A recollida de casos que realiza entre os anos 2020 (95 casos) e 2021 (96 casos) vén a reforzar a existencia dun servizo propio de formación en perspectiva antirracista e de asesoramento para as vulneracións que se producen na sociedade. Cos datos arriba mostramos podemos valorar a posibilidade dun pequeno estancamento,


fortemente influenciado polas consecuencias da Covid-19 e a escasa mobilidade das persoas o que nos fai pensar que eran poucas as persoas que acudían á oficina e menos para denunciar casos de vulneración xa que as interaccións co ámbito administrativo ou institucional das persoas eran limitadas, e, en moitos casos nulas. Despois dese pequeno impas temos un leve crecemento como ben reflicten os datos do ano 2022 que, sabemos, se produce en toda a comunidade galega, pero é especialmente significativo o número de incidentes que son denunciados e acontecen na cidade da Coruña e a súa contorna, deixando en evidencia a necesidade de contar coa oficina de información e denuncias e todo o traballo que dende alí se vén realizando. Un exemplo do cambio de paradigma que estamos a vivir e a necesidade de denunciar as vulneración e delitos de odio que se dan na cidade son as 487 denuncias recollidas e a atención dun milleiro

de persoas dende que comezou a andar alá polo ano 2018.

Queremos rematar esta reflexión sobre a evolución das vulneracións detectadas en todos estes anos afirmando que é indiscutíbel pensar en que se están producindo moitos máis incidentes de cortes racistas que outros anos, pero o que podemos pensar tamén é que existe un coñecemento máis amplo da labor de SOS RACISMO GALICIA así como de tipo de actitudes e patrón de comportamentos que deben ser denunciados na nosa sociedade. Ao igual que ocorre con outro tipo de actos e comportamentos, descubrimos como moitas das persoas que se achegan ás oficinas de Coruña o fan para deixar ou poñer en coñecementos deste tipo de situacións máis que de iniciar procedementos formais de denuncia, tal e como iremos comprobando no presente informe ao referirnos aos rexistros de vulneracións e os ámbitos nos que, maioritariamente, acontecen.



SEGUNDO A TIPIFICACIÓN DA DISCRIMINACIÓN



Atendendo ao tipo de discriminación, cabe destacar que, a maioría das denuncias que chegan ás OID de SOS Racismo Galicia son derivadas do **Racismo Institucional, con 36 vulneracións atendidas e reco-**

llidas. Dentro de este ámbito de actuacións, son varias as cuestións con maior número de denuncias, sendo especialmente numerosas, aquelas derivadas dos procedementos vencellados a trámites de nacionalidade sen resolver, concre-

tamente **14 casos.** Dentro desas denuncias tamén contabilizamos **10 casos** como racismo institucional-estranxeiría, basicamente trátanse de situacións todas elas derivadas de cuestións tales como problemas no ámbito administra-

tivo ou inclusive co propio persoal que traballa neses ámbitos, os cales, moitas das veces son os principais axentes discriminadores ao solicitar ou esixir documentación que non contempla a lexislación ou os requisitos de cada procedemento. Das restantes vulneracións recollidas dentro do ámbito do racismo institucional están aquelas nomeadas como outras, as cales ascenden a **12 casos**. Dentro deste abanico de situacións noméanse todas aquelas derivadas da propia lei de estranxeiría es as trabas que dificultan o normal desenvolvementos das vida das persoas migrantes e aqueles trámites que teñen abertos.

Nacionalidade

Como comentamos na gráfica anterior novamente ocupan un lugar importante os casos tipificados dentro do **racismo institucional**, especificamente os relacionados aos **trámites de nacionalidade**. O racismo institucional segundo as persoas que crearon este concepto “é aquel que orixínase na operación de forzas establecidas e respectadas na sociedade e, polo tanto, recibe moita menos condena pública que o racismo individual” (Carmichael, S.& Hamilton, Ch., 1967), é dicir que ven dunha sutil forma en como o Estado e a súas propias administracións vulneran

os dereitos, neste caso de persoas racializadas, que moitas veces non se percibe como tal e en ocasión é amparada pola propia lei. Deste xeito exclúese a parte da poboación desta sociedade ao acceso de dereitos e servizos.


A continuación temos o relato dun destes casos exemplificando como estas vulneracións non afectan só as persoas adultas, senón a tamén ás crianzas dende os seus primeiros anos de vida e as limita ao seus dereitos como cidadáns nados neste territorio só por mor da nacionalidade dos seus proxenitores.

*Para comprender o caso que imos expoñer a continuación, non temos que esquecer que a situación administrativa des filles de nais e pais migrantes hérdase, tal é o caso dun menor de ascendencia marroquí nado no territorio galego no 2018, a quen o seu pai **Ami** e a súa nai **Hamida** ao cumprir o seu primeiro ano de vida lle solicitan no Rexistro Civil da Coruña a súa nacionalidade. É importante ter claro que no caso dos menores de idade filles de persoas estranxeiras, dependendo tamén do país de orixe destes, despois dun ano vivindo en España poden solicitar a súa nacionalidade española. Este era o caso do neno, pero despois de que os meses pasaban e sen ter resposta algunha até o presente ano, é can-*

do Ami pide cita con nós para comentar a vulneración que estaban sufrindo. Ami e Hamida comentan que teñen permiso de residencia e a única resposta que reciben cada vez que van a preguntar no rexistro polo expediente do seu fillo é que teñen que agardar. Despois das xestións na OID para saber sobre o expediente do menor o Ministerio de Xustiza respóndenlos que este non existe. É dicir que despois de case tres anos de agarda sen ningún tipo de notificación se descubre que dito expediente non consta nos rexistros deste ministerio e que non ten nin un número asignado, polo que suxírennos contactar coa Subdirección Xeral de Nacionalidade para ver se se pode facer algunha cousa máis.

Se procede a facer un escrito dirixido á subdirección de nacionalidade que está en Madrid, para saber que aconteceu con dito expediente. Ao final Ami desiste de levar o escrito porque considera que non vai sufrir ningún efecto.

As seguintes discriminacións máis denunciadas polas persoas que acoden a calquera das oficinas da entidade, trátanse daquelas acontecidas coas denegacións de acceso a servizos privados e públicos. Este eido, o cal é sumamente relevante, pois reflicte perfectamente moitas das dificultades que so-



fren as persoas cando intentan facer valer os seus dereitos en distintos ámbitos da sociedade, sendo estas situacións especialmente complicadas pois dificultan, en exceso, a inserción social das persoas migrantes e/ou racializadas na cidade da Coruña. Ao contrario que a anterior relación de casos que estaba ligada ao propio réxime de estranxeiría, atopamos toda unha relación de situacións entre as que se atopan problemas no acceso á vivenda, saúde, servizos sociais, entre outras, sendo especialmente danifios os efectos a longo prazo das limitacións no acceso a servizos privados.

A discriminación no acceso a servizos privados, que reflexa unha cifra de 22 vulneracións, 20 contabilizadas como servizos privados en xeral e 2 delas recollidas como a denegación de acceso a locais de ocio. Un exemplo do que podemos considerar constituíeno, por exemplo, a denegación de apertura de contas bancarias. Ao contrario do que se poda pensar, esta é unha das vulneracións que máis afectan ao normal desenvolvemento e inserción económica das persoas pois, a maioría dos trámites que facemos no noso día a día precisan da posesión dunha conta bancaria a cal se está denegando a aquelas persoas que posúen só o pasaporte como documento de identificación ou bloqueando ba-

seándose en xustificacións que se poderían considerar ilegais incluso.

A seguinte relación de casos ten que ver coas **denegacións de entrada a locais de ocio**, chegando a recollese **2 casos en todo o ano**. A pesares de tratarse dunha cifra ben baixa non deixa de ser importante o rexistro do tipo de casos desta natureza, pois, poucas persoas realmente son conscientes do carácter racista deste tipo de denegacións. Ben por tratarse dun ámbito, a noite, onde están presentes toda unha serie de axentes externos e consumo ou abuso de sustancias e tamén pola xustificación que se da nun intento de desenmascarar o carácter racista do dereito de admisión nos locais de ocio. Esta trátase dunha materia pendente pois, maioría das ocasións, as persoas non desconfían do carácter arbitrario que teñen estas denegacións e como dese xeito se normaliza limitar a entrada a certos perfís de persoas migrantes e/ou racializadas. A imaxe que mostramos á dereita é un exemplo do tipo de publicacións que difundimos por redes para

intentar recadar datos deste tipo de vulneracións e asesorar ás posibles vítimas sobre como proceder.

Esta nota de prensa que anexamos é un dos exemplos deste tipo de violencia e que son xestionados dende a OID, concretamente a denuncia deste rapaz racializado está en proceso e polo de agora non temos máis información. Dende hai uns anos vimos detectando o incremento da negativa de entrada a locais de ocio da cidade da Coruña, concentrándose na zona dos Cantones, e que coincidencia que maioría dos locais desa zona están rexentadas (case) polo mesmo dono. O perfil preferido para denegar esa entrada é a persoas racializadas en xeral, baixo a escusa de que o local está cheo e deben a súa quenda mentres outras persoas (brancas) poden entrar. Este feito fai pensar que os donos das discotecas usan o dereito de admisión

dun xeito singular pois as características ou requisitos para acceder ao local son difusos pero o certo é que sempre recaen en corpos racializadas.

Dentro desta clasificación son importantes



ACTUALIDAD | A Coruña

QUINCEMIL > ACTUALIDAD > A CORUÑA

Un joven denuncia discriminación racista en varios locales de Los Cantones Village de A Coruña

El joven ha presentado una denuncia ante la Policía Nacional por discriminación tras negarle la entrada en más de una ocasión en diferentes locales situados en este centro de ocio

REDACCIÓN 06:00 - 29/9/2022



todas aquellas vulneración recollidas como **discriminación laboral coa sumatoria de 20 casos**. Se facemos unha comparativa co ano pasado, **2 casos recollidos no ano 2021**, é significativo o gran incremento que se produce, feito que demostra a dificultade engadida que teñen as persoas migrantes e/ou racializadas no mercado laboral galego. Ditas dificultades están vinculadas, en maioría das ocasións, á súa situación documental, feito que moitas persoas aproveitan para enganalas e reforzar a explotación laboral que moitas migrantes denuncian. Unha boa nova que estamos detectando é que as persoas están máis concienciadas e se animan a exercer o seu dereito a denunciar as inxustizas e os problemas que sofren no entorno laboral, feito que permite facerse unha idea, máis dura, realista e menosedulcorada das condicións que enfrontan

as persoas migrantes e/ou racializadas na entorna laboral.

Chama a atención que a meirande parte dos casos recollidos de vulneracións no ámbito laboral teñen que ver con aquelas violencias perpetradas polas propias persoas empregadoras, sendo correntes os casos de enganos e faltas de pagamentos cara persoas en situacións de extrema vulnerabilidade. Cando falamos de extrema vulnerabilidade, referímonos á situación de discriminación e indefensión que sofren as persoas migrantes en **situación administrativa irregular** e o seu desigual acceso a empregos precarios e sen contrato. A peculiaridade e singularidade da lei de estranxeiría, considerada unha dos eixos-bases que reforzan o racismo institucional neste país, é que obriga ás persoas migrantes a permanecer **3 anos en situación**

irregular, talmente recoñecidos na sociedade básica como sen papeis (cando si os teñen xa que o pasaporte é un documento de identificación válido), ou sexa, sen dereito a un contrato e traballar de xeito legal abocando ás persoas a unha situación de máxima vulnerabilidade e indefensión. Froito desta situación e, máis nun mercado de traballo informal e secundario, prodúcense moitas vulneracións das cales ás veces sen ten coñecemento pero moitas delas quedan impunes.

Dende hai anos este é un dos ámbitos máis recoñecidos e complicados de xestionar polas persoas migrantes. Todas as persoas queremos acceder a un mercado laboral para manterse, convivir na sociedade, crear comunidade, familia, ter planes de futuro, ou o que xurda, en resumidas contas, conseguir un capital económico que nos permita o bo desenvolvemento das nosas vidas. A imposibilidade de acceder a un mercado formal, regulado e con garantías de dereitos para as traballadoras, normaliza as situacións de maltrato que en moitos casos coñecemos e denunciámos en informes como o actual.

A terceira categoría en número de denuncias constitúena a **denegación de acceso a servizos públicos con 16 casos**, ámbito no



CAPITALISM
IS
RACIST

que destacan as discriminacións en servizos como a asistencia sanitaria (a denegación desta e maltrato cara persoas migrantes e/ou racializadas) ou a educación, do que falaremos un pouco máis adiante. Estes dous espazos e os maltratos que neles se producen revisten de moitísima gravidade por pensarse que está garantido o dereito de acceso aos servizos públicos para as persoas migrantes e/ou racializadas pero nin moito menos.

A continuación contabilizamos os casos por **discriminación de conflitos e agresións no espazo público (5 casos) e privado (5 casos)**. O número de casos recollidos na variábel conflitos e agresións no espazo público e privado, trátase outra destas tendencias que vai aumentando co paso dos anos. O clima xeral que criminaliza ás persoas migrantes e/ou racializadas e a grande polarización política están permitindo aflorar novas actitudes e comportamentos gravemente racistas e xenófobos no seo da sociedade, que se producen en diferentes esferas da vida social pero que abundan entre as persoas particulares, sendo maioritarios os conflitos veciñais. Neste senso é sumamente preocupante, pois ditas experiencias racistas prodúcese no ámbito da intimidación das persoas, chegando a xerar


estadios de ansiedade ou outras doenzas por vérense atacadas inclusive na tranquilidade das súas casas.

Por último decidimos reflexar, de xeito separado tamén, aquelas **vulneracións de dereitos provocadas polo abuso das forzas de seguridade pública con 4 casos**, cifra que aumenta levemente con respecto dos datos recollidos para o ano 2021 (1 caso). O que podemos aclarar neste sentido é que podemos estar ante unha situación bastante complicada de xestionar ou avaliar, pois, consideramos que seguramente non se produzan moitos casos de brutalidade ou abuso das forzas e corpos do Estado na cidade da Coruña en comparación con outras localidades ou territorios, pero, cremos que unha das razóns polas que apenas se recollen denuncias é pola propia simboloxía e protección lexislativa de que gozan este tipo de profesionais. Sabemos que outro dos motivos que podemos aludir é a situación administrativa das persoas, xa que, está de sobra demostrado que a irregularidade administrativa é a principal causa de peso para que moitas persoas decidan non denunciar as múltiples vulneracións que sofren, tal e como vimos manifestando a través do traballo recollido nos Informe anuais recollidos pola nosa entidade. Debemos aclarar que en

SOS Racismo Galicia, pese a que a denegación de acceso a servizos públicos e o abuso por parte das forzas de seguridade públicas poden ser consideradas **formas de racismo institucional**, clasificámo-las de xeito separado pola importancia que ambas condutas revisiten. Nunha clasificación que así fosen consideradas, poderíamos afirmar que o racismo institucional encabezaría a listaxe por número de denuncias, constituíndo máis da metade das mesmas.

En resumo, durante o 2022 as vulneracións de dereitos por parte da Administración foron obxecto de abundantes denuncias, sobre todo no vencellado ao da estranxeiría, o mercado laboral ou as denegacións de acceso a servizos privados e públicos. De todos os xeitos iremos debullando a natureza das vulneracións recollidas e acontecidas na cidade da Coruña nas seguintes páxinas.

SEGUNDO O ÁMBITO DA DISCRIMINACIÓN



Esta radiografía que imos reco-llendo e expoñendo ano tras ano, non fai máis que reflectir a necesidade de concienciar á sociedade actual contra o racismo e a xenofobia, pois revela a existencia de múltiples comportamentos que vulneran os dereitos das persoas migrantes e racializadas de


forma continua, deliberadamente e sen pudor ningún, tal e como iremos descubrindo nas diferentes representacións gráficas.

Tal e como vimos na anterior gráfica o maior número de vulneracións denunciadas proceden do ámbito da estranxeiría con 26 casos, sendo coincidente co aconte-

cido outros anos, e que nos permite confirmar que o racismo institucional e, especialmente o réxime de estranxeiría, é o foco de maior maltrato institucional que sofren as persoas migrantes que residen na cidade da Coruña, con especial fincapé no ámbito **das oficinas de estranxeiría (26 casos)**.

Estranxeiría

Novamente empezamos este ano coa problemática coa que pechábamos o anterior, o conseguir as citas previa na páxina web da administración pública (<https://sede.administracionespublicas.gob.es/pagina/index/directorio/icpplus>) para iniciar a solicitude de asilo. Este procedemento se inicia en dita páxina para poder obter unha cita presencial na brigada provincial de estranxeiría e fronteiras, tendo que acudir á súa oficina na xefatura Superior da Policía Nacional que está localizado na Av. Porto en pleno centro da cidade da Coruña. No mesmo ano, exactamente no mes de maio, trátase de solucionar un pouco a problemática habilitando un correo electrónico (acoruna.solicitudasilo@policia.es) como único canle para que as persoas que queiran solicitar asilo poidan escribir, tendo elas que enviar unha información xeral: nome completo, nacionalidade, N° de pasaporte, enderezo, poboación na que se reside, teléfono e correo electrónico. O paso seguinte é que a persoa que quere a cita ten que agardar por unha chamada telefónica, dun número que descoñece, no que lle dan hora e día para poder acudir á súa primeira cita



presencial. O tempo de espera por esa chamada é indeterminado.

Outra das citas case imposibles de conseguir son as de toma de pegadas que imposibilita no caso por exemplo das persoas con concesión de arraigamento social favorable poder obter a tarxeta física como estranxeira (TIE). Temos casos de incluso de dous, tres ou máis meses sen conseguir cita algunha en dita páxina.

En contra posición na mencionada páxina da sede electrónica da administración pública e despois do inicio da guerra entre Ucraína e Rusia pódese ver que na mesma se habilitan apartados específicos destinados a persoas ucraínas para "solicitar protección temporal como desprazadas" e outra para "Tarxeta Conflicto Ucraína" que serve para solicitar cita para a obtención da tarxeta de identidade como estranxeira (TIE).

Outra das grandes vulneracións prodúcese no **ámbito do emprego (20 casos)**. Resulta sorprendente o número de persoas que se achen denunciando casos de discriminación laboral pois o certo é que noutros anos non ocorría o mesmo, feito que non quere dicir que as condicións laborais das persoas migrantes e/ou racializadas antes

foran mellores ou agora empeoraran, simplemente é sorprendente e imperativo que as persoas continúen denunciando as múltiples vulneracións, que sabemos, se producen nos lugares de traballo. Sempre se fala do mercado laboral como un dos eixes máis importantes para a inserción social de todas as persoas na sociedade pero pouco se fala das graves condicións que deben sufrir moitas persoas migrantes e/ou racializadas no mesmo. Segue custando moito recoñecer que hai problemas, ou discriminacións se falamos máis claro, que afectan directamente a certos colectivos de poboación, como poden ser a prolongación das xornadas de traballo (exemplo, traballar horas extras que moitas veces non se pagan), os empregos precarios e mal pagados caracterizados pola forte inestabilidade económica, as malas condicións de traballo e inclusive as limitacións para acceder a certos empregos aínda que posúan experiencia e certificados. Se a todo isto lle sumamos a condición de irregularidade administrativa e o limbo de 3 anos que deben agardar para poder regularizar a súa situación por medio do emprego, son moitas as experiencias de discriminación que sofren para sobrevivir.



<https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2022/04/29/solicitudes-asilo-coruna-deberanhacerse-correo-electronico/00031651248647746958751.htm>

Outra das realidades que denunciábamos no informe do 2021, e que continúa impedindo o acceso a un traballo digno, son as largas esperas e a burocracia nos **procesos de homologacións de títulos universitarios estranxeiros**, especificamente a maior problemática se daba nas “profesións reguladas” como ser: psicoloxía xeral sanitaria, odontoloxía, medicina e enxeñaría industrial. Sen esquecer que existen “problemáticas transversais” que afrontan case todas as carreiras ao momento de iniciar o proceso de homologacións (Ex. demoras na asignación do número de expedientes) ás que se lles suman “problemáticas específicas” que atravesan as mencionadas profesións (Ex. irregularidades nas probas ou imposibilidade doutros tipos de evacuacións para cumprir os requisitos formativos complementarios). Ao respecto Casas, José M. e Frias, G. (2023) fan un **Estudo sobre o proceso de homologación, Equivalencia o Convalidación de titulacións estranxeiras de odontoloxía en España**. Onde explican como ademais destas problemáticas o impacto a nivel emocional e psíquico demostraba que estas profesionais desencadearon un proceso de duelo. Tamén neste estudo a gran maioría (60,96%) das persoas entrevistadas non tiña unha boa expectativa de futuro respecto a súa profesión pois vían difícil volver a traballar do que estudaron. Este 2022, entra en vixencia o **RD 889/2022** que promete solución ao tapón nas homologacións de títulos universitarios, pero polo momento non parece dar moitos resultados, ao menos ás persoas que tiñan ás súas solicitudes có anterior **RD 967/2014**.

Por detrás das vulneración no entorno educativo detectamos aquelas producidas no **ámbito bancario**

(**18 casos**), nos que nos atopamos con denegacións da apertura dunha conta bancaria ou bloqueo da mesma sen motivos xustificadas. Nesta sentido, estamos a falar de desigualdades no trato por parte

conta de pago básica, aínda que a persoa que a queira abrir leve consigo un informe de vulnerabilidade da traballadora social que expón que non ten ingresos económicos e que precisa unha conta

Ansiedad, Depresión, y Exclusión Laboral: los efectos del racismo institucional que afectan a los solicitantes de homologación en España

Un nuevo estudio expone la preocupante situación en la que se encuentra actualmente el colectivo de homologantes de la profesión de Odontología. Sus datos exponen un realidad similar a los del estudio publicado un año atrás respecto a los profesionales de psicología que, a pesar de las promesas del Ministro Subirats y la aprobación de la L.O.S.U., aun a día de hoy siguen sin homologar.



de entidades bancarias e o persoal empregado nas entidades, así como das políticas aplicadas e que dificultan especialmente o dereito de acceso a unha conta bancaria. Hoxe en día, maioría das xestións que as persoas realizamos no noso día a día son feitas a través de conta bancaria polo que carecer do acceso a posuír unha ou o seu bloqueo produce unha grande dificultade para a inserción socioeconómica e o bo desenvolvemento da vida das persoas. Sendo unha constante problemática a negativa das entidades bancarias ante as solicitudes de apertura dunha

bancaria porque ten dereito a unha prestación económica. Pasa o mesmo tamén có tema dos pasaportes, principalmente de persoas que veñen dun país daqueles que están unha “lista vermella” e que son rexeitados sen tomar en conta que o pasaporte constitúe un documento legal de identificación como pode ser un NIE. Con cada ano que pasa dende que se ten un recuento dos datos de vulneracións acontecidas na cidade da Coruña e a súa contorna, é significativo, que o ámbito privado e, concretamente, a xestión da apertura de contas bancarias ou o bloqueo destas,

sen un motivo xustificado, é unha desas problemáticas que nunca parou de medrar. Da igual a entidade bancaria á que as persoas se dirixan, o resultado case sempre é o mesmo.

Contas bancarias

Como mencionamos neste 2022 persisten as denegacións de apertura de **contas bancarias de pago básica** a persoas que presentan como documento de identificación o seu pasaporte, converténdose nunha problemática diaria no que as persoas incluso con informe das traballadoras sociais que mostran a súa situación de exclusión social se atopan coa negativa das entidades bancarias para abrílles este tipo de contas, que xustamente necesitan porque están por exemplo en condicións de percibir unha prestación económica a cal non poden terminar de acceder porque estas entidades lles denegan ditas contas. Este é o caso de **Rebeca**, unha rapaza que levaba pouco menos dun ano na cidade da Coruña procedente de Colombia e que chega a nosa oficina pola negativa en tres entidades bancarias da cidade para poder abrir unha conta de pago básica polo tema de só portar o pasaporte do seu país e por non ter un T.I.E.. Sen embargo, a situación tórnase máis grave porque ela conta cun informe da súa traballadora social en man que claramente explica que ela precisa deste tipo de contas porque non lle supoñen un gasto de xestión engadidos porque Rebeca atópase nunha situación de vulnerabilidade social e alto risco de exclusión. O número de IBAN dunha conta bancaria a nome propio é imprescindible para poder terminar de encher a solicitude, por exemplo, dunha AIS (Axuda de Inclusión Social) como fora neste

caso. Nunha das entidades lle comentan que ao menos debería ter o resguardo de presentación da solicitude de asilo para abrílle unha destas contas.

En dúas ocasións posteriores se fai acompañamento presencial con ela e ante a persistente negativa se presentan escritos de reclamacións contra a denegación de apertura de conta bancaria por carecer dun T.I.E.. Lembrándolles que esta denegación supón unha clara vulneración dos dereitos das persoas migrantes que residen en territorio español, ás que se lles denega o acceso a un produto indispensable para a gran maioría das xestións da vida cotiá, ou se lles impoñen trabas ou requisitos aos que non están obrigados as persoas nacionais. Ao final, óptase por abrir un tipo de conta por internet e que lle acepta como documento de identificación o seu pasaporte, sendo a única opción que lle queda con todas limitacións que este tipo de contas lle supón.

É preciso lembrar que o pasaporte é un documento legal e absolutamente válido para a identificación das persoas, para as que o feito de carecer de TIE non pode ser motivo de denegación deste servizo.

Dende o ano 2017, coa a probación do Real Decreto Lei 9/2017 existen as contas de pago básicas, de carácter gratuíto para persoas sen recursos e que especificamente, e en canto aos requisitos para a súa apertura sinala o seu artigo 4 que:

1. As entidades de crédito denegarán o acceso ás contas de pagamento básicas cando se de algunha das seguintes circunstancias:

a) O potencial cliente non achegue a información requirida pola

entidade en función do nivel de risco de branqueo de capitais ou de financiamento do terrorismo do devandito cliente dentro do marco do previsto no capítulo II da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e o financiamento do terrorismo, e as súas normas de desenvolvemento,

b) a súa apertura sexa contraria aos intereses da seguridade nacional ou de orde pública definidos polas leis, as normas europeas ou pola xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, nos supostos en que así se acordou polo Consello de Ministros, a proposta do Ministro de Economía, Industria e Competitividade, ou

c) o potencial cliente xa sexa titular en España dunha conta nun provedor de servizos de pagamento que lle permita realizar os servizos contemplados no artigo 8.1, agás que este lle notificou a súa decisión unilateral de resolver o contrato marco de conta de pagamento. Neste caso, antes de abrir unha conta de pagamento básica, a entidade de crédito poderá verificar se o cliente dispón ou non dunha conta en España que lle permita realizar os servizos citados. As entidades de crédito poderán basearse a tal remate nunha declaración responsable asinada polo propio cliente.

A entidade conservará os documentos e a análise realizada no que se basee esta decisión.

Por elo, carecer de TIE non é un suposto legalmente contemplado como motivo de denegación. Efectivamente, non existe normativa algunha na que se estableza como motivo de denegación de apertura de contas bancarias a falta de residencia legal en territorio español ou da Unión Europea.

Esta denegación supón unha clara vulneración dos dereitos das persoas migrantes que residen en territorio español, ás que se lles denega o acceso a un produto indispensable para a gran maioría das xestións da vida cotiá, ou se lles impoñen trabas ou requisitos aos que non están obrigados as persoas nacionais.

Estas vulneracións, ademais de constituír unha grave discriminación por razón da orixe das persoas e da súa situación administrativa, supoñen un incumprimento da actual lexislación da materia.

Efectivamente, o artigo 3 do Real Decreto-Lei de 19/2017, de 24 de novembro de contas de pago básicas, traslado de contas de pago e comparabilidade de comisións establece que as entidades de crédito teñen a obriga de ofrecer contas de pago para:

1º. Residentes legais na Unión Europea (aínda que non teñan domicilio fixo).

2º. Solicitantes de asilo, coa presentación da solicitude de asilo.

3º. Persoas estranxeiras sen permiso de residencia e con imposibilidade de expulsión (é dicir, sen ter unha orde de expulsión firme ou mesmo aberto un procedemento de expulsión), mediante a presentación do pasaporte: caso no que se atopa esta persoa.

Así, a identificación é posíbel con pasaporte, segundo o establecido na seguinte normativa de aplicación: Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo:

Artigo 3. Identificación formal.

1. Os suxeitos obrigados identificarán a cantas persoas físicas ou xurídicas pretendan establecer relacións de negocio ou intervir en calquera operacións.

2. Con carácter previo ao establecemento da relación de negocios ou á execución de calquera operacións, os suxeitos obrigados comprobarán a identidade dos intervenientes mediante documentos fidedignos. No suposto de non poder comprobar a identidade dos intervenientes mediante documentos fidedignos nun primeiro momento, poderase contemplar o establecido no artigo 12, agás que existan elementos de risco na operación.

Reglamentariamente estableceranse os documentos que deban reputarse fidedignos para efectos de identificación.

Así mesmo, reglamentariamente se establece no Real Decreto 304/2014, do 5 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo:

Artigo 6. Documentos fidedignos para efectos de identificación formal.

1. Consideraranse documentos fidedignos, para efectos de identificación formal, os seguintes:

a) Para as persoas físicas de nacionalidade española, o Documento Nacional de Identidade.

Para as persoas físicas de nacionalidade estranxeira, a Tarxeta de Residencia, a Tarxeta de Identidade de Estranxeiro, o Pasaporte ou, no caso de cidadáns da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, o documento, carta ou tarxeta oficial de identidade persoal expedido polas autoridades de orixe. Será así mesmo documento válido para a identificación de estranxeiros o documento de identidade expedido polo Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación para o persoal das representacións diplomáticas e

consulares de terceiros países en España.

Resulta de aplicación tamén o disposto no artigo 81 da Lei 2/2012, Lei galega de protección xeral dos consumidores e usuarios, que prevé como infracción:

"A negativa inxustificada a satisfacer as demandas do consumidor, producidas de boa fe ou conforme ao uso establecido, cando a súa satisfacción estea dentro das dispoñibilidades da empresa vendedora ou facilitadora dun servizo, así como calquera forma de discriminación con respecto ás referidas demandas".

Finalmente, esta denegación supón unha clara vulneración dos dereitos das persoas migrantes que residen en territorio español, e carecen de ingresos, o que supón unha infracción en materia de protección dos consumidores e usuarios, segundo dispón o artigo 49 do Real Decreto Lexislativo 1/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios e outras leis complementarias:

"1. Son infraccións en materia de defensa dos consumidores e usuarios:

k) A negativa a satisfacer as demandas do consumidor ou usuario, calquera que sexa a súa nacionalidade ou lugar de residencia, cando a súa satisfacción estea dentro das dispoñibilidades do empresario, así como calquera forma de discriminación con respecto ás referidas demandas".

Maila todo o exposto, ano tras ano as entidades financeiras seguen a perpetuar este comportamento discriminatorio e ilegal, sen que as numerosas queixas presentadas por esta entidade ante o banco de España tiveran resposta satisfactoria algunha.



Si tu opinion niega derechos humanos a otras personas,
no es opinion, es discriminacion.



Seguidamente atopamos todas aquelas vulneracións producidas no **ámbito educativo (11 casos), saúde (10 casos), outros servizos públicos (6 casos) e agresións e discurso de odio (5 casos)**. Todas as situacións denunciadas nos anteriores ámbitos e tipografías son igual de importantes pero queremos deternos brevemente a comentar o que acontece coas recollidas nesta sección por tratarse todas elas en sectores públicos e que, meirande parte delas, o axente discriminador trátase dun/dunha profesional da administración pública.

Todos os ámbitos arriba mencionados son espazos de tránsito para maioría das persoas, pero parécenos que é preciso pararse un intre a avaliar o groso das vulnera-

parte porque vulnera de xeito grave e, moitas veces repetido no tempo, o dereito das crianzas a unha educación de calidade sen ver vulnerados os seus dereitos e, con esta recompilación de incidentes, no que abundan as agresións verbais e físicas, comprobamos que non son protexidos pola propia administración e que sofren unha violencia engadida ao carecer de "lexitimidade" ao contar as súas historias. Parécenos moi grave que se sigan negando e reproducindo toda una serie de actitudes e comportamentos racistas que esnaquizan vidas e inflúen notoriamente na traxectoria educativa das crianzas. Cómpre falar de por que non se considera importante esixir formación en perspectiva antirracista ás profesionais que traballan nos

cribe na súa páxina web, dende a sociedade civil para axudar aos estudantes que sofren racismo e bullying. Esta iniciativa xurde a partir do caso de Camila, que chegou a xuízo o pasado 08 de outubro de 2019 contra a Comunidade de Madrid egañou. Camila é unha nena madrileña afrodescendente que foi vítima de acoso escolar de índole racista, a través do seu caso se puido evidenciar as irregularidades na aplicación dos protocolos de acoso escolar por exemplo. E serve de exemplo e proba da necesidade de denunciar estes casos.

Educación

*O seguinte caso relata as tempéranas vivencias de agresións racistas no ámbito educativo. **Raquel** é unha muller branca autóctona é nai dun menor que estuda 6º de primaria nun centro educativo da área metropolitana da Coruña. Ela comenta que dende que empezou primaria o seu fillo, **Luis**, recibe insultos racistas tales como "**negro de merda**" ou "**color de caca**". Con cada un dos insultos que o seu fillo lle traslada, Raquel, escribe por correo electrónico, pero dende a institución educativa non fan nada ao respecto. Así, isto convértese nunha constante de correo e silencios ou respostas que minimizan o grave do asunto.*

Nun dos últimos episodios Luis decide defenderse e contestar ante tales incidentes ao que a profesora novamente minimiza esas actitudes e lle dis que Luis tamén contestou, como xustificando a violencia. Raquel comenta que dende que empezou este curso se deron varios incidentes con comentarios racistas.

Se supón que o centro educativo reciben formación todos os anos da man da Garda Civil sobre o uso de redes por exemplo, ao que Ra-



cións que ocorren en dous ámbitos concretos e as poboacións que se ven violentadas en casa caso.

Nun primeiro momento cómpre falar das vulneracións que se producen no seo dos centros educativos contra persoas menores de idade e que veñen sendo cometidas por profesoras e outras profesionais do centro educativo ou compañeiras de aula. Este tipo de violencia merece unha mención

centros educativos e, moito menos a existencia e aplicación de protocolos contra as violencias racistas.

Esta si é unha materia pendente na nosa sociedade.

Temos como unha boa práctica a seguir no tema da denuncia de incidentes racista na aula coa plataforma chamada Suspenso ao Racismo (<http://suspensoal-racismo.org/>) que promove unha campaña que se inicia, como des-

quel en repetidas ocasións propuxo a necesidade de formación antirracistas. Nun primeiro momento o colexio responde que si, pero finalmente non fan nada.

Nun dos últimos incidentes un compañeiro lle dis a Luis: **"cáesme mal porque eres negro"**. Unha vez máis o colexio non fai nada. O menor tamén relata que o chamaron **"puto negro"**.

Entre as accións que fixemos dende a OID cando Raquel acudiu no mes do outubro a nosa oficina foi elaborar un escrito dirixido Inspección Educativa da Xunta de Galicia e presentalo. Lle responderon a Raquel que tiña que activar o protocolo de acoso do centro educativo e así o fixo. Pero a resposta do centro foi que o neno ten máis perfil de líder que de vítima, lle propuxeron unhas sesións de psicopedagogía e lle suxeriron parar o protocolo. Nestas sesións avalían ao menor e reiteran que iso que lle din no lle debería afectar, inculcando a culpa na vítima, así como a responsabilidade de evitar que este tipo de actitudes e comportamentos racistas lle afecten persoalmente. Lle piden unha madurez emocional a Luis e xustifican as actitudes do alumnado como cosas de nenos. Noutra ocasión unha das profesoras do centro lle cometa que o racismo **"é algo que está na sociedade"**, nun claro intento de quitar peso sobre a responsabilidade que ten as persoas na loita contra o racismo, así como para xustificar a inacción do propio centro educativo.

En todo este tempo entre Raquel e o centro educativo hai un continuo intercambio de correos, pero se sigue quitando importancia por parte deste últimos a estes incidentes sen pensar que está en risco a saúde mental dun menor que xa dende a súa corta idade xa

coñece o racismo nunha contorna que se supón debe ser segura para el. Finalmente, Raquel suxíreo novamente ao centro educativo que contactara con nós porque damos formacións antirracistas a coles ao que tampouco recibe resposta algunha.

Por outro lado debemos falar tamén do que acontece nos centros sanitarios. Cabe pensar que as persoas non acoden aos centros educativos por gusto senón por necesidades e sería necesario avaliar o trato ou o maltrato que reciben cando acoden a esas instalacións en momentos de grande vulnerabilidade.

O reconto de casos do ano 2022 reflexa **10 casos por discriminacións ou vulneracións de dereitos no ámbito sanitario**, as cales, veñen producidas pola facturación de atencións producidas nas salas de urxencia e tamén polo maltrato proferido polas profesionais que traballan en diferentes niveis da rama sanitaria. Ámbalas discriminacións son graves e revelan que, en moitos casos, a discriminación que sofren as persoas racializadas non ten tanta relación coa natureza da súa situación documental e máis que ver cos procesos de racialización que se producen na sociedade e o tratamento resultante deses procesos. Alén da cantidade de facturacións nos servizos de atención de urxencias que xestionamos recibimos moitas denuncias que teñen que ver con isto últimos que comentamos, o desprezo cara persoas racializadas sumada a unha falta de educación e formación especializada resulta nun maltrato normalizado cando acudimos ou estamos presentes en certos espazos.

Saúde

No mes de xullo chega moi angustiada a nosa oficina **Claudia**, unha muller de Perú quen comenta que sofre dun sangrado persistente e forte dores de cabeza dende que chegou á Coruña polo que se lle suxire que vaia a urxencias porque pode estar en risco a súa saúde. Ela non contaba cós tres meses de padrón pero se lle asesora que unha vez os cumpra debe pedir no centro de saúde máis preto onde ela vive a tarxeta sanitaria como non asegurada. Ao pouco tempo lle chega ao seu domicilio a factura polo servizo de urxencias recibido por un monto de 361,59 euros ao que se lle esixe presentar a cartilla da Seguridade Social ou unha tarxeta sanitaria e unha certificación que xustifique o seu dereito á asistencia sanitaria. Polo que se fai un escrito dirixido ao SERGAS onde se expón que as persoas estranxeiras non rexistradas nin autorizadas como residentes en España, que se atopen en Galicia, e que non teñan nin poidan ter asistencia sanitaria pública polas vías regulamentadas en España, nin exportar o dereito desde o seu país de procedencia, nin poidan incluírse no Programa galego de protección social da saúde pública, recibirán a asistencia sanitaria por parte do Servizo Galego de Saúde, nas seguintes modalidades:

a) De urxencia por enfermidade grave ou accidente, calquera que sexa a causa, ata a situación de alta médica...

Aos poucos días Claudia fai a súa solicitude de Alta coma non asegurada e se volve a escribir ao SERGAS axuntando esta solicitude para que non lle cobren pola atención de urxencias brindada. Ao mes seguinte ela comenta que persiste có sangrado, polo que é preciso acompañala de xeito presencial ao centro de

saúde que lle é asignado para tentar sacar cita para a súa médica de cabeceira polos dores de cabeza que aínda persisten e porque non lle fixeron as probas que precisa.


Existen un maltrato normalizado que ven sendo denunciado por diferentes plataformas o que demostra que aínda que na lexislación veña recollido o dereito ao acceso sanitario existen varias comunidades, entre as que se encontra Galicia, onde vulneran de feito sistemático ese dereito, tal e como recolle o informe de Yo Si Sanidad Universal: “Un derecho hecho pedazos: el derecho a la asistencia sanitaria en las comunidades autónomas”¹.

As imaxes aquí anexadas pertencen ao estudo levado a cabo pola plataforma Yo Si Sanidad Universal que referenciamos só unhas liñas anteriormente. Este, trátase dunha análise moi importante que establece unha comparativa entre as comunidades autónomas españolas e as trabas que poñen no acceso á sanidade das persoas estranxeiras entre os anos 2018-2022, o cal, serve para demostrar como a propia administración vulnera os dereitos das persoas. Na propia páxina (<https://yosisanidaduniversal.net>) podemos atopar novas interesantes, recursos administrativos e xurídicos para apelar polos dereitos de acceso das persoas estranxeiras ao ámbito sanitario así como recomendacións varias.

Dende SOS Racismo Galicia demandamos unha maior formación a persoal que se atopa nas esferas do ámbito da administración (centros educativos de todos os niveis, centros de saúde, oficinas de emprego etc.), así como dunha implantación de sancións máis duras para aquelas persoas ou institucións que vulneran os dereitos de acceso

Racismo sanitario en España: así de complicado es para los migrantes el acceso a la atención médica

Cinco comunidades ponen trabas en el acceso a la sanidad pública a las mujeres embarazadas y a menores, pese a que la ley estatal les ampara.



A) Dificultad para el padrón y alternativa: Verde=se acepta alternativa, fácil; amarillo=se acepta alternativa, difícil; naranja=acceso muy difícil o temporal; rojo=no acceso/facturación

B) Acceso los primeros 90 días en situación irregular: Verde=cobertura desde el primer día; amarillo=informe social regulado; naranja=informe social excepcional/atención puntual; rojo=no acceso/facturación

C) Acceso en situación de estancia: Verde=cobertura desde el primer día; amarillo=informe social regulado; naranja=informe social excepcional/atención puntual; rojo=no acceso/facturación

D) Atención a menores y embarazadas: Verde=cobertura desde el primer día tanto en situación irregular como estancia; amarillo=informe social regulado o alta específica en alguna de las dos situaciones; naranja=atención puntual en alguna de las dos situaciones; rojo=no acceso/facturación en alguna de las dos situaciones

E) Atención sin documento certificativo y facturación: Verde=cobertura sin facturación; amarillo=aviso de facturación/posibilidad de cobertura; naranja=posibilidad de facturación; rojo=-facturación sistemática

F) Atención a ascendientes reagrupados: Verde=cobertura desde el primer día; amarillo=cobertura mediante informe social o similar; naranja=cobertura parcial o excepcional; rojo=ninguna alternativa al convenio especial

das persoas baseándose en principios claramente discriminatorios, xa que, cremos que é único camiño que permitirá ir erradicando tales ofensas e facernos moito máis conscientes de que o respecto debe ampliarse cara todas as persoas que convivimos na sociedade, sen facer distincións en base a motivos clasistas, racistas, xenófobos

ou discriminatorios de calquera clase, depende do propio dos valores, compromiso e esixencia de cumprimento dos mesmos da sociedade na que vivimos todas/es.


¹. Para ver máis deste informe ir ao seguinte enlace: <https://yosisanidaduniversal.net/materiales/informes/informe-derecho-asistencia-sanitaria-comunidades-autonomas>

Por último, cabe destacar igualmente todas as situacións derivadas de **agresións e discursos de odio (5 casos)**. A pesares de existir tan só 5 casos desa natureza denunciados na cidade da Coruña sabemos que son moitas máis as situacións ou experiencias que se suceden no día a día que poderían ser consideradas discurso de odio, sobre todo nas redes sociais e os media de comunicación pero, desgraciadamente, son poucas as persoas que denuncian tales episodios. Cremos que tal situación pode vir derivada da grande confusión xeneralizada que existe en torno ao termo e as actitudes e comportamentos que poderían verse recollidos como tal. De todos xeitos cabe destacar que os casos recollidos a nivel galego incrementáanse con cada ano que pasa o que nos crea unha sensación ben alarmante pola gravidade dos feitos denunciados. Unha das cuestións que máis nos chama a atención son os axentes discriminadores consumidores das agresións, verbais ou física, e a divulgación de discursos de odio. Neste caso non hai que buscar os culpables nas novas tecnoloxías ou a divulgación de mitos racistas, é moi preocupante descubrir que a grande parte destes incidentes foron cometidos por persoas particulares e nos ámbitos privados ou íntimos do emprego ou a veciñanza, espazos ben cotiás e onde, moitas veces, non contamos con recibir tales violencias.





SEGUNDO A IDADE



Analizamos tamén as características das persoas denunciadas, de cara a poder detectar que colectivos son máis vulnerables e en que ámbitos acontece máis a miúdo. Ofrecemos neste apartado datos xerais sobre as persoas que contactan con SOS Racismo Galicia e, concretamente, na contorna da cidade da Coruña en base a variables como a idade, o xénero, o país de orixe e os principais axentes discriminadores para conseguir facermos unha idea un pouco máis aproximada dos perfís máis correntes cos que solemos traballar e os principais “puntos vermellos” onde son vulneradas.

Pese a que a meirande parte das vulneracións foron realizadas contra persoas **maiores de idade (116 casos)** cómpre salientar que aínda que a proporción das vulneracións é moito menor en mozas e mozos **menores de idade (2 casos)** estas afectan a un colectivo moito máis vulnerábel, revestindo polo tanto unha maior gravidade. A gráfica que presentamos neste senso expón que nas denuncias recollidas para o ano 2022 a maioría delas ía dirixida cara persoas maiores de idade, sendo as dúas únicas contra menores en espazos públicos que no apartado anterior destacábase como ámbitos importantes; por un lado, unha denegación de atención a un menor nun centro educativo e, por outro lado, unha agresión física

e verbal contra un menor nun centro educativo que se atopa en vía xudicial.

Tal e como intentamos trasladar, a idade das persoas vulneradas é unha variábel moi importante

pois, é de sobra coñecido, o carácter sobre-protector e permisivo que existe na sociedade con respecto ao colectivo de persoas menores de idade non ocorrendo o mesmo coa xuventude racializada que medra na cidade da Coruña. Un dos ámbitos onde máis se denuncian vulneracións son os centros educativos. A pesares de ser conscientes das etapas e os múltiples conflitos que teñen lugar nas catro paredes dos centros, consideramos, que revisten gravidade cando o motivo ou a variábel que se repite é o maltrato e a adultización² da xuventude racializada.

No contexto español hai moitos conceptos ou dinámicas que non se teñen en conta á hora de avaliar ou falar dos dereitos das persoas menores de idade e é por iso que, ás veces, hai que acudir a territorios onde si se ten máis experiencia neste sentido. Con isto referímonos, por exemplo, á perspectiva que investiga como o peso de certas variables, como a raza, o xénero ou o status migratorio das crianzas e a súa familia inflúe no tratamento que reciben na sociedade. A este fenómeno é o coñecido co nome de *Adultification*.

Segundo autores como Davis e Marsh O concepto de adultización é cando as nocións de inocencia e vulnerabilidade no son outorgadas a certos nenos. Isto o determinan as persoas e institucións que teñen

*poder sobre eles. Cando a adultización ocorre fóra do fogar, sempre está baseada na discriminación e o prexuízo. Existen varias definicións de adultización, todas relacionadas coas características, influencias socioeconómicas e/ou experiencias vividas. Independentemente do contexto no que se produce a adultización, o impacto tradúcese nunha vulneración dos dereitos dos nenos (tradución propia)*³.

Existe máis definicións ou exemplos de casos concretos no que estudan o impacto desa adultización en crianzas racializadas, é extenso o traballo que se pode atopar sobre casos recoñecidos xe xeito internacional terribles onde crianzas chegan a perder as súas vidas por se tratadas conforme ao prexuízo que, normalmente as poboacións brancas, teñen sobre certas comunidades ás que consideran perigosas aínda que sexan crianzas⁴.

Non imos estendernos máis nesta cuestión pero entendemos que moitas das vulneracións que sofren as crianzas racializadas están influídas por este proceso que as considera sospeitosas aínda que se atopan cursando a primaria, deste xeito, as crianzas vense obrigadas a asumir responsabilidades como as das persoas adultas. **As percepcións culturais da sociedade fan ver- parecer a estas crianzas como persoas adultas e son tratadas máis duramente que ás súas compañeiras brancas.**

2. Termo traducido do inglés (adultification) e que no castelán ten pouco percorrido, non atopamos tradución para o galego.

3. Davis, J. and Marsh, N. (2020). ‘Boys to men: the cost of ‘adultification’ in safeguarding responses to Black boys’, *Critical and Radical Social Work*, 8(2), pp. 255-259.

4. <https://www.theguardian.com/society/2022/jul/05/they-saw-me-as-calculating-not-a-child-how-adultification-leads-to-black-children-being-treated-as-criminals>


SEGUNDO A ORIXE

Seguidamente vamos analizar a orixe ou procedencia das persoas que acoden denunciar á Oficina de SOS RACISMO GALICIA. Consideramos sumamente relevante traer esta variábel na nosa clasificación pois, a pesares, de que somos conscientes do funcionamento dos procesos de racialización na sociedade, isto axúdanos a detectar que grupos de poboación son os máis discriminados na cidade da Coruña e desmontar a falacia que engloba aos múltiples procesos discriminatorios que igualmente sofren as persoas racializadas nacionalizadas ou nadas na Galiza. Tal e como demostran os datos na representación gráfica fixada unhas liñas embaixo, a maioría das persoas denunciadas proceden dalgún país

de **Abya Yala (61 casos)**, seguidas **moi de preto por aquelas persoas procedentes de África OECS⁵ (22 casos)** seguido con bastante diferenza daquelas persoas procedentes dalgún país do **África N⁶ (14 casos)**. Con 14 casos son tamén os datos relativos a aquelas vulneracións perpetradas contra **persoas con nacionalidade española**, ben de nacementos ou que se nacionalizaron despois. Consideramos relevante incluír esta variábel na mostra, xa que, deste xeito podemos demostrar e facer visíbel as vulneracións que sofren as persoas racializadas na comunidade galega, e neste caso a cidade da Coruña.

Isto serve para demostrar así mesmo que vivimos en sociedades racistas, pois, todos os episodios de discriminación recollidos e

xestionados suceden porque só a **branquitude** ou as tonalidades que se lle parecen son consideradas ou deben percibirse como “portadoras do xene autóctono” o que resulta nun proceso que descarte e desconfianza dirixido cara aquelas persoas **extranxeirizadas** por unha cor de pel, acento ou a vestimenta que portan, entre outras. Por último temos a persoas **procedentes de países da Asia do sur (4 casos)**, concretamente Oriente próximo, Iraq, Afganistán y Pakistán, seguido por aqueles casos nos que as persoas vulneradas procedían de **países comunitarios (2 casos)**. Se pensamos na relación de casos ou vulneracións cometidas segundo a orixe ou procedencia das persoas podemos concluír que, con cada ano ou período que pasa e do que temos datos, a sociedade galega segue a discriminar ou chegan a denunciarlo nas nosas oficinas, en maior medida, ás persoas procedentes de **Abya Yala** e aquelas procedentes de **ÁFRICA OECS** e que a racialización presente nestas sociedades eurocéntricas provoca que as persoas nacionalizadas ou racializadas nadas neste contexto, territorio, ou localidade teñen as mesmas posibilidades de ser discriminadas en calquera ámbito da sociedade. O único que difere unhas experiencias doutras e a situación administrativa que posúen e como iso pode afectar ás distintas facetas da súa vida.



5. (poñemos estas siglas para referirnos dun xeito máis respectuoso a aquelas persoas procedentes de África do sur, este, oeste e centro do continente, sendo especialmente representativas na nosa mostra as persoas procedentes de Senegal, Gambia, Guinea, ou Nixeria).

6. (a sigla N fai referencia a persoas procedentes de países do norte de África, sendo neste caso especialmente representativos para a nosa mostra aquelas procedentes de Alxeria e Marrocos, entre outros).



The image shows a book cover with a black background. On the left side, there is a vibrant, realistic illustration of a Black woman with voluminous, curly dark hair. She is smiling broadly, showing her teeth, and wearing a blue high-collared garment. To the right of the illustration, the title 'Ser negro es hermoso' is written in a large, elegant, white cursive font. Below the title, the English translation '(Black is Beautiful)' is written in a smaller, similar cursive font. The book is positioned on a wooden surface, and to its left, a colorful beaded necklace is partially visible. In the foreground, there are blurred objects, including what appears to be a red beaded necklace and some papers or other books, suggesting a library or a collection of books.

Ser negro es hermoso

(Black is Beautiful)


SEGUNDO A SITUACIÓN ADMINISTRATIVA

A situación administrativa é un elemento importante á hora de analizar estes datos, pois inflúe notablemente, sobre todo, nos casos de racismo institucional e, tal e como comprobamos co paso dos anos, nas vulneracións que chegan ás oficinas e que as persoas se atreven a denunciar. Tal e como trasladamos noutros informes a situación documental é unha das variables que máis afecta o normal desenvolvemento da vida das persoas e limita, considerablemente, o acceso ou non que teñen a diferentes ámbitos así como os recursos dispoñibles. Se nos fixamos na gráfica que incluimos a continuación podemos avaliar que acontece cos casos recollidos no ano 2022.

Fixándonos na distribución arriba mostrada, é doado apreciar as diferenzas que se producen entre as persoas denunciadas, segundo a súa situación administrativa. 2022 é un ano no que xestionamos **59 casos de denuncias de persoas en situación administrativa irregular** na

cidade da Coruña en comparación cos **45 casos de persoas en situación regular**.

Esta comparativa mostra unha tónica que nada ten que ver co acontecido anos anteriores. Vemos como neste período estudado é o ano en que as denuncias de persoas en situación irregular e regular están



máis preto, é sorprendente por supoñer deste xeito un cambio de tendencia. Igualmente cabe dicir que a existencia de maiores cifras de vulneracións recollidas contra persoas en situación administrativa irregular non supón que as condicións das persoas en situación administrativa regular melloraran, senón que simplemente non foron tan numerosas as denuncias recibidas na Oficina

de Información e denuncias situada na cidade da Coruña. Valorar que de igual xeito o feito de recibir máis denuncias de persoas en situación administrativa regular non debe tomarse como unha mostra de que, de súpeto, as condicións de vida das persoas con esta condición empeoraran, simplemente pode lerse como

unha mostra de que é probable que as persoas estean máis concienciadas con seus dereitos e non queiran velos vulnerados.

Por último lugar cabe falar daquelas vulneracións que denuncian persoas nacionais, ben por nacemento no propio territorio ou estar nacionalizadas. Este é un punto importante pois, tal e como mencionamos con anterioridade, a racialización das persoas é un proceso que atravesa a vida das persoas e posuír a nacionalidade española, neste caso, non é un salvoconduto para non ser discriminadas e iso é unha variable moi importante que tamén se debe contabilizar pois demostra o carácter arbitrario das discriminacións que sofren as persoas migrantes e/ou racializadas.

**SEGUNDO O
XÉNERO**

Pola implicación que isto supón para a análise e propostas de intervención e pola situación de especial vulnerabilidade que posuímos as mulleres no ámbito da vida social, neste informe tentamos estudar a **variable de xénero** en cada un dos tipos de discriminación. O número de denuncias recollidas **afecta de xeito maioritario ás mulleres (67 casos) fronte ás interpostas por homes (53 casos)**. Tal e como reflecten estes datos, o caso de ser muller é algo que reforza o feito de poder sufrir maiores vulneracións


en todos os ámbitos da sociedade, moi diferente ao detectado noutros informes pasados, pois, a tónica xeral estaba, máis o menos, nuns valores bastante similares, pero xa no ano 2022 vemos como afectan en maior medida ás mulleres.

Cómpre salientar que ser muller implica unha dobre vulneración e en moitos casos unha tripla discriminación.

O feito de que as discriminacións contra as mulleres estean maiormente representadas neste caso non se debe a que os homes denuncien menos senón que pode

derivarse tamén de que moitas veces son cuestións ligadas aos problemas que enfrontan membros da súa estrutura familiar, ven polas súas crianzas e as dificultades que poden ter no curso escolar, o maltrato recibido por parte das profesionais de servizos sociais, problemas con empregadores e os postos de traballos nos que están empregadas, como por exemplo o ámbito do fogar, sector onde a maior parte das traballadoras son mulleres e moitas delas migrantes. Este, trátase dun sector realmente precario no que acontecen continuamente discriminacións e vulneracións de dereitos que non sempre se denuncian debido ás características propias deste tipo de emprego (regulación excluída do Estatuto dos Traballadores) e lugar onde ocorren (inviolabilidade do domicilio, o que impide que accedan a el as Inspeccións de Traballo, por exemplo).

Podemos concluír que os casos recolleemos no ano 2022 para a cidade da Coruña reflecten a tónica de que ser muller e migrante e/ou racializada exponas a unha vulneración moito maior ca que enfrontan os homes.



**SEGUNDO O
AXENTE
DISCRIMINADOR**

Un dos últimos puntos máis importantes a avaliar logo de recoller e xestionar os múltiples casos que chegan ás OID son recoñecer cales son os **axentes discriminadores que perpetran** tales vulneracións.

Se nos fixamos atentamente aos datos que representa a gráfica podemos ver que a grande maioría de casos recollidos son vulneracións exercidas por persoal que traballa en **administracións públicas ou funcionariado, con 59 casos**. Este valor é sumamente preocupante, xa que, a través da xestión dos casos comprobamos como existe un maltrato normalizado nalgunhas esferas dos ámbitos públicos o que, en moitos casos, dificulta e limita gravemente a inserción ou participación que as persoas migrantes


e/ou racializadas podan exercer. Seguidamente aínda que cuns valores bastante inferiores atopamos aquelas **vulneracións realizadas por entidades privadas 30 casos**, sendo especialmente numerosas, as producidas nas entidades bancarias (por exemplo denegacións de apertura de contas bancarias, enganar para obrigar ás persoas a contratar servizos ou seguros que non precisan). Nun terceiro lugar temos todas aquelas **vulneracións producidas entre particulares, 23 casos**.

Co paso dos anos e a normalización de discursos e prácticas, claramente, racistas e discriminatorias en todos os ámbitos da sociedade, estamos sendo testemuñas de agresións entre particulares, o que reviste tales episodios dunha extre-

ma gravidade pola impunidade de que gozan moitas das situacións acontecidas nestes ámbitos.

Cabe facer un inciso a este respecto pois, a pesares, de animar a todas as persoas a denunciar tales episodios, somos conscientes da dureza que deben enfrontar as persoas que reciben tales violencia no seu día a día.

Por último lugar temos aquelas vulneracións realizadas no que o axente **discriminador está contabilizado como outros (1 caso)** ou as denunciadas **nas federacións deportivas (1 caso)** por non federar persoas cuxo documento de identificación sexa o pasaporte, documento válido para identificarse pero que se usa como base para discriminar en moitos ámbitos, sendo especialmente usada neste último.



CONCLUSIÓN

Rematado o ano 2022 puidemos contabilizar **123 vulneracións** na cidade da Coruña e a súa área metropolitana (Concellos de Abegondo, A Coruña, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros y Sada). Igualmente como aconteceu no ano 2021 o **Racismo Institucional** é o tipo de racismo do que temos maior número de casos rexistrados son os trámites de nacionalidade onde pode ver como o racismo institucional persiste. Pola outra banda, segundo o ámbito discriminador as **oficinas de estranxeiría** son os lugares onde maior vulneracións

sofren as persoas migrantes. Repítese un ano máis que da cordo á variable xénero son as **mulleres** a que maior vulneracións sofren. Ademais, repítese que o principal axente discriminador son as **administracións públicas ou funcionariado**, o que reforza a nosa denuncia da existencia de racismo institucional. Finalmente, queríamos subliñar con algúns dos casos comentados que se ben a gran maioría dos casos acontecen contra persoas maiores de idade, tamén o racismo afecta a crianzas xa sexa a hora de que se lles recoñeza a súa nacionalidade como na contorna educativa.

Queremos pechar este informe anual cun dos momentos mais especiais e reivindicativos da loita antirracista que ano tras ano ten lugar na cidade da Coruña. Exactamente os días 25 e 26 de novembro desenvolvéronse as III Xornadas Antirracistas de SOS Racismo Galicia, nesta ocasión combinamos actuacións, música, poesía, e intervencións en dúas xornadas cheas de aprendizaxe e reflexións.

O primeiro día, se crea un evento **non mixto**, é dicir só para persoas migrantes/racializadas porque considérase moi importante, polo tema de tentar facer espazos seguros para que as persoas racializadas podan falar das súas vivencias. Nesta ocasión puidemos acoller a Iki Yos Piña (Parchita Power) que presentou o seu obradoiro “Alianzas có dor. Sexualidades ascen-trais e sanación” na librería Fian-dón Libros de Vello.


Ao día seguinte tivemos unha xornada con moitas actividades e **mixto**, é dicir abertas a todo o público, empezamos novamente no espazo do Fianción coa actuación de Artemisa Semedo e Elena Ruiz, as dúas emocionaron ao público cunha posta en escena que mesturaba a poesía e o flamenco, a súa proposta leva o nome de “Bailando Versos”.



O mesmo día pola tarde, no espazo da Acéfala, tivemos unha rolda de conversatorios onde catro persoas racializadas falaron dende as súas vivencias, lugares de loita e de traballo. Camilla Souza empezou cun relatorio que titulouse “Acaso non son muller” resumindo un pouco a súa investigación sobre racismo e violencia obstétrica, a continuación tivemos a Michel Adje quen relato a súa vivencia no “Camino da morte”, despois intervinou Lammay Perez quen falou da súa investigación feita no seu país de orixe e titulada “Igualdade e non discriminación de persoas trans en Cuba” e para finalizar este espazo tivemos á participación de continuación Karina Minutti fixo a súa intervención sobre “Gordofobia e Racismo”.

Despois destas potentes intervencións fixemos un espazo de danza da man de Angello David Caixa que deu un Taller de Salsa Caleña e estilos latinos para que as asistentes ás xornadas podan aprender un pouco da orixe destes bailes ao mesmo tempo que os aprendían.

E non puidemos ter mellor peche dunhas xornadas tan maravillosas que cun concerto da man de Black Galic and Delirium Sound.



Referencias

Carmichael, S.& Hamilton, Ch. (1967) Black Power: The Politics of Liberation in America. Edit Vintage Books, New York <https://mygaryis-like.files.wordpress.com/2016/12/black-power-kwame-ture-and-charles-hamilton.pdf>

Casas, José M. &Frias, Gabriela L. (2023) Informe independiente del "Estudio sobre el proceso de Homologación, Equivalencia o Convalidación de las titulaciones extranjeras de odontología en España". DOI: 10.13140/RG.2.2.18532.96642 https://www.researchgate.net/publication/370805631_Informe_independiente_del_Estudio_sobre_el_proceso_de_Homologacion_Equivalencia_o_Convalidacion_de_las_titulaciones_extranjeras_de_odontologia_en_Espana?channel=doi&linkId=6463dd8402c5097541bf72c9&showFulltext=true

Para máis información, consúltase o **Informe Anual de 2022 contra o Racismo e a Xenofobia en Galicia**.



RACISMO E XENOFobia NA CORUÑA

INFORME ANUAL 2022



SOS RACISMO GALICIA

A CORUÑA

Rúa Alcalde Lens, 34 1ºC
(+34) 698 163 742
info@sosracismogalicia.org

